

ASUNTO: INFORME TÉCNICO DE VALORACIÓN DO SOBRE B) SUBTITULADO “PROGRAMA DE TRABAJO”

PROXECTO: MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CURTIS

EXPEDIENTE: 2019/C003/000001

01. ANTECEDENTES_Na mesa de Contratación, celebrada con data do 29 de maio de 2019, acórdase por unanimidade dos membros realizar o presente informe técnico no que se valora o contido do sobre “B” (Referencias técnicas e outras declaracións) presentado polas diferentes empresas licitadoras en el procedemento negociado de la obra <<MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CURTIS>> a técnica municipal abaixo asinante.

02. VALIDACIÓN DOCUMENTAL_Ademais da copia simple do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares que regula este procedemento, a documentación do expediente administrativo facilitada consiste en copia do proxecto que serve de base para a licitación da obra e a incluída nos diferentes sobres “B”, en formato dixital, das ofertas presentadas polas empresas licitadoras. A citada documentación incluída no sobre “B” pertence as ofertas que, resultando admitidas polo órgano de contratación despois de substanciados os trámites de solvencia e demais aos que fan referencia no sobre “A”, corresponden aos seguintes licitadores :

1. CANARGA, S.L.
2. COSMALCA, S.L.
3. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
4. EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.
5. RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, CONSTRUCCIONES
6. F. GOMEZ CÍA, S.L.
7. OVISA

Examinado, preliminarmente, o contido dixital do sobre B) de cada unha das sete ofertas presentadas, compróbase que conteñen as Referencias Técnicas que se esixen no Prego de Cláusulas Administrativas; quedando por tanto todas as ofertas admitidas licitadores :

1. CANARGA, S.L.
2. COSMALCA, S.L.
3. OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.
4. EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

5. RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, CONSTRUCCIONES
6. F. GOMEZ CÍA, S.L.
7. OVISA

03. NORMATIVA_Relacionase a continuación o conxunto de normas, máis significativo, que condicionan basicamente esta actuación:

- 1 Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014
- 2 Prego tipo de cláusulas administrativas particulares, aprobado por decreto da alcaldía, que haberán de rexe para a contratación.
- 3 Real Decreto 1098/2001 del 12 de outubro polo que se aprobado Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas e posteriores modificacións aprobadas polo Real Decreto 773/2015 de 28 de Agosto.
- 4 Demais normativa concordante que resulten de aplicación.

04. CRITERIOS DE VALIDACIÓN E DESARROLLO_Os criterios de adjudicación serán os esixidos no apartado 12.B.1) Programa de traballo do Prego-Tipo de Cláusulas Administrativas Particulares, en concreto las referentes a :

A) Programa de traballo

As referencias técnicas a valorar serán aquelas que atendan as propostas esixibles no Prego de Condicións da Contratación. Como criterio xeral de valoración das ofertas presentadas considerase os que se establecen no **Anexo IV** do Prego de Cláusulas administrativas particulares; as puntuacións máximas conforme aos criterios de valoración considerados será as seguintes:

A.- Plan de control interno de calidade: 5 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un plan de control interno de calidade que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%

Ofertas que presenten un plan de control interno de calidad que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%
---	-----------

B.-Programa de Trabajo: 15 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra.	Ata 65%
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten un programa de trabajo que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

C.- Programa de actuación ambiental: 5 puntos

CONTIDO. PONDERACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA EXPRESADA EN %
Ofertas que presenten un programa de ACTUACIÓN AMBIENTAL que presentan unha definición completa con total ou suficiente adaptación á obra.	Ata 100%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición completa con insuficiente adaptación á obra .	Ata 65%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con suficiente adaptación á obra.	Ata 30%
Ofertas que presenten unha actuación ambiental que presentan unha definición parcial con insuficiente ou nula adaptación á obra.	0%

Con referencia aos criterios de validación e aos seus contidos, os seguintes comentarios e puntuacións:

CANARGA, S.L.

PROGRAMA DE TRABAJO:

- Descrición da estrutura en fases correcta.
- Descrición do proceso construtivo de cada unidade de obra correcta e da totalidade de todas as unidades.
- Equipos e rendementos, humanos e maquinaria, correctos e suficientes.
- Tratamento de acopios insuficiente.
- Instalacións de obra insuficientes.
- Non xustifica o transporte adecuadamente.
- Análise de condicións externas correcto. Non xustifica coeficientes de redución por climatoloxías.
- Non inclúe dentro do programa de traballo, a certificación da calidade dos materiais a empregar. Si o inclúe no apartado do Control de calidade.
- Aporta relación de provedores correctamente e certificados de materiais.
- Diagrama de gantt correcto. Non diagrama de Pert.

CONTROL DE CALIDADE:

- Plan de puntos de inspección insuficientes.
- Presenta control dos sistemas de execución a realizar por laboratorio homologado.
- Presenta control de materiais; diferencia os que fará a empresa e os externos.
- Non aporta control de instalacións.

PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL:

- A descrición das unidades de obra que xeran impacto e medios de protección ambiental, son correctos.
- Non cuantifica de forma completa os residuos a xerar.
- Medidas de aforro enerxético moi xenéricas.
- Certificación ambiental dos materiais a empregar son suficientes.

A súa puntuación é a seguinte:

PT	C.CALIDADE	P. AMB	TOTAL
12.8	4.1	3.25	20.15

COSMALCA, S.L.

PROGRAMA DE TRABAJO:

- Descrición do proceso construtivo de cada unidade de obra correcta e da totalidade de todas as unidades.
- Descrición da estrutura en fases correcta.
- Xustifica a calidade dos materiais a empregar de maneira correcta e suficiente.
- Equipos e rendementos da maquinaria, correctos e suficientes. Equipos humanos están moi axustados ao prazo de execución da obra.
- Estudo dos acopios correcto e suficientes.
- Instalacións de obra suficientes pero en non acredita o permiso de utilización da parcela.
- Xustifica o transporte adecuadamente.
- Análise de condiciones externas correcto e xustifica coeficientes de redución por climatoloxías.
- Aporta certificados de calidade dos materiais suficientes.
- Diagrama de gantt e Pert correcto e listado de inversións mensuais.

CONTROL DE CALIDADE:

- Plan de puntos de inspección suficientes.
- Presenta control dos sistemas de execución a realizar por laboratorio homologado.
- Presenta control de materiais; diferencia os que fará a empresa e os externos.
- Aporta control de instalacións.

PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL:

- A descrición das unidades de obra que xeran impacto e medios de protección ambiental, son correctos.
- Cuantifica de forma completa os residuos a xerar.
- Medidas de aforro enerxético xenéricas.
- Certificación ambiental dos materiais a empregar son suficientes.

A súa puntuación é a seguinte:

PT	C. CALIDADE	P. AMB	TOTAL
13.8	4.4	4.6	22.8

OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.

PROGRAMA DE TRABAJO:

- Descrición do proceso construtivo insuficiente e esquemática e con ausencia dalgunhas unidades de obra a executar.
- Non presenta ningún certificado de calidade dos materiais a empregar e de acordo coa calidades esixidas no prego.
- Descrición de equipos e rendementos non completo para xustificar a execución da totalidade das unidades de obra. Equipos humanos suficientes.
- Non considera acopios nin calcula volumes.
- Instalacións de obra suficientes pero en non acredita o permiso de utilización da parcela.
- Non xustifica o transporte.
- Análise de condicionantes externas moi xenéricos.
- Non aporta certificados de calidade dos materiais.
- Diagrama de Gantt non xustificado suficientemente. Presenta Pert. O plan de inversións mensual non se axusta o orzamento total da obra.

CONTROL DE CALIDADE:

- Plan de puntos de inspección ilexible.
- O plan de ensaios a realizar por laboratorio, non se corresponde con este proxecto.
- A proposta plantexada corresponde a outra empresa non licitadora.

PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL:

- A oferta da actuación ambiental presenta unha definición insuficiente ou nula de adaptación á obra.

A súa puntuación é a seguinte:

PT	C. CALIDADE	P. AMB	TOTAL
7.3	1.1	1.0	9.4

EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.

PROGRAMA DE TRABAJO:

- Descrición técnica insuficiente e incompleta.
- Aporta certificado de calidade dos materiais a empregar.
- Medios humanos insuficientes e maquinaria suficientes.
- Análise de condicionantes externas insuficientes e análise climatolóxico correcto.
- Aporta táboas de rendementos e equipos e aplica coeficiente redutores de maneira correcta; non xustifica os rendementos teóricos dos que parte.
- Non xustifica o transporte nin os acopios.
- Non dispón de instalacións necesarias de obra, tanto de seguridade e saúde como puntos limpos de recollida de residuos.
- Presenta diagrama de gantt e Pert. O plan de inversións mensual e correcto.

CONTROL DE CALIDADE:

- Presenta plan de puntos de inspección.
- Presenta plan de control de materiais, insuficiente.
- Non presenta control das instalacións.

PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL:

- A oferta presenta unha actuación ambiental cunha definición parcial con suficiente adaptación á obra.

A súa puntuación é a seguinte:

PT	C. CALIDADE	P. AMB	TOTAL
8.7	2.2	1.7	12.7

RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, CONSTRUCCIONES

PROGRAMA DE TRABAJO:

- Descrición da estrutura en fases correcta.
- Descrición do proceso construtivo de cada unidade de obra correcta pero non nomea a totalidade de todas as unidades.
- Equipos e rendementos, humanos e maquinaria suficientes.
- Aporta táboas de rendementos e equipos e aplica coeficiente redutores de maneira correcta; non xustifica os rendementos teóricos dos que parte.
- Os condicionantes externos axustase parcialmente a obra. Xustifica coeficientes de redución por climatoloxías.
- Insuficiente o estudo da necesidade dos acopios para a execución das obras.
- Insuficiente a xustificación do transporte.
- Non aporta de maneira exhaustiva certificados da calidade dos materiais que vai a empregar nas obra.
- Presenta diagrama de gantt e Pert.

CONTROL DE CALIDADE:

- Presenta plan de puntos de inspección ilexible.
- Presenta control dos sistemas de execución a realizar por laboratorio homologado.
- Presenta control de materiais; diferencia os que fará a empresa e os externos.
- Non aporta control de instalacións.

PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL:

- A descrición das unidades de obra que xeran impacto e medios de protección ambiental, son correctos.
- Non cuantifica de forma completa os residuos a xerar.
- Medidas de aforro enerxético moi xenéricas.
- Certificación ambiental dos materiais a empregar son medianamente suficientes.

A súa puntuación é a seguinte:

PT	C. CALIDADE	P. AMB	TOTAL
10.0	3.9	3.3	17.2

F. GÓMEZ CÍA, S.L.

PROGRAMA DE TRABAJO:

- Descrición da estrutura en fases correcta.
- Descrición do proceso construtivo de cada unidade de obra correcta e completa excepto as instalacións en Uceira Nova.
- Equipos e rendementos, humanos e maquinaria, correctos e suficientes.
- Tratamento de acopios insuficiente.
- Instalacións de obra suficientes.
- A xustificación do transporte e insuficiente.
- Análise de condicións externas correcto. Xustifica coeficientes de redución por climatoloxías.
- Presenta certificados de calidade dos materiais a empregar de forma correcta e exhaustiva.
- Aporta relación de provedores correctamente e certificados de materiais.
- Diagrama de gantt Pert correcto.

CONTROL DE CALIDADE:

- Plan de puntos de inspección suficientes.
- Presenta control dos sistemas de execución a realizar por laboratorio homologado e correcto.
- Presenta control de materiais; diferencia os que fará a empresa e os externos.
- Non aporta control de instalacións.

PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL:

- A descrición das unidades de obra que xeran impacto e medios de protección ambiental, son xenéricas.
- Cuantifica de forma completa os residuos a xerar.
- Medidas de aforro enerxético moi xenéricas.
- Certificación ambiental dos materiais a empregar son insuficientes.

A súa puntuación é a seguinte:

PT	C. CALIDADE	P. AMB	TOTAL
12.70	4.20	3.45	20.35

OVISA

PROGRAMA DE TRABAJO:

- Descrición simplificada dos traballos a realizar.
- Non presenta análise do transporte necesario.
- Non presenta análise da necesidade de acopios.
- Non presenta cálculo de coeficientes redutores a aplicar a rendementos por causas climatoloxía.
- Non presenta certificados que acreditan a calidade dos materiais a empregar.
- Non presenta documentos das instalacións de obra e plantas produción áridos e mesturas bituminosas.
- Presenta gantt; non Pert.

CONTROL DE CALIDADE:

- Faltan controis de instalacións terminadas (parcialmente, non probas presión).
- Suficiente plan de control de calidade dos materiais.
- Insuficiente plan de control de sistemas de execución.
- Presenta programa de puntos de inspección.

PROGRAMA DE ACTUACIÓN AMBIENTAL:

- O contratista non presenta documentación referente aos seguintes criterios valorables:
 - Análise da relación da obra con medio ambiente.
 - Análise das posibles afeccións ambientais e medios de control previstos.
 - Análise dos medios de reciclaxe a empregar; rexeneración ambiental.
 - Descrición de centros de xestión de residuos a empregar e avaliación dos residuos a xerar.
 - Medidas de aforro enerxético.
 - Acreditar certificación ambiental dos materiais a empregar.
 - Equipo de xestión ambiental que destinará.

A súa puntuación é a seguinte:

PT	C. CALIDADE	P. AMB	TOTAL
5.3	3.8	0.0	9.1

05. CONCLUSIÓNS_Resultando como resume a seguinte puntuación:

	LICITADOR	PUNTUACIÓN TOTAL
1	CANARGA, S.L.	20.15
2	COSMALCA, S.L.	22.80
3	OBRAS Y SANEAMIENTOS GALICIA, S.L.	9.4
4	EULOGIO VIÑAL, OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	12.7
5	RAMÓN VÁZQUEZ Y REINO, CONSTRUCCIONES	17.2
6	F. GÓMEZ CÍA, S.L.	20.35
7	OVISA	9.1

Este é o informe que queda sometido a opinións mellor fundada, emitidas para o órgano de contratación no procedemento aberto simplificado que ten por obxecto o contrato da obra denominada <<**MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE CURTIS**>> con fin de que conste para os efectos oportunos e asíñase dixitalmente na data que figura na marxe pola arquitecta técnica municipal, Olivia Souto Freiría.